



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

CONCLUSIÓNS DAS COMISIÓNS DE DEBATE DOS RELATORIOS DO X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2012



CULTURA, ASOCIACIONISMO E ACCIÓN EXTERIOR.

I. Institucionalización da memoria da emigración.

Como preámbulo a estas conclusións, esta Comisión de traballo propón que, desde a Administración galega, se recoñeza e se dea a coñecer o valor que tivo a emigración, e o papel que, desenvolveron millares de emigrantes en todo o mundo, tanto na difusión dos valores de Galicia no exterior como nos cambios que se derivaron na propia sociedade galega.

II. As entidades galegas deben ter iniciativas culturais dedicadas a difundir nos lugares onde residen unha ou varias imaxe-marca propia de Galicia. Esta imaxe debe difundir aquilo que identifique a Galicia, que teña interese para o resto dos países e que a diferencie doutras zonas. A este respecto, indícanse por esta Comisión a continuación algunhas das importantes marcas galegas que se deben difundir:

- O Camiño de Santiago.
- A peculiaridade da emigración galega, distribuída por todo o mundo (o particular status de Galicia como “país de emigración”).
- A gastronomía galega.
- As sinais turísticas propias de Galicia.
- O folclore galego.

Neste senso os membros desta Comisión propoñen que os expertos orienten aos centros das imaxes-marca que se poden difundir desde os mesmos.



X Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela

28 e 29 de xuño de 2012

- III. As entidades galegas asumen a utilidade que poidan ter cara a adopción dun novo perfil adecuado a realidade actual e futura, nunha sociedade cada vez máis globalizada, complementando as accións máis clásicas que veñen desenvolvendo, cunha progresiva conversión destes centros en lugares de prestación de servizos, como unha “antena de Galicia” no exterior. Ao respecto, realizarán accións en diferentes ámbitos: cultura, ensinanza, turismo, empresa...etc.
- IV. As entidades galegas asumen que deben adaptar aos novos tempos as súas estruturas e as accións que veñen realizando, e deberán esforzarse en “rexuñecer” e integrar novos membros. Para iso, será preciso levar a cabo un “plan de formación” en novas tecnoloxías, avanzando no seu uso.
- V. Débese pensar na utilidade da creación dunha *páxina web* onde os centros e entidades galegas reflicten as actividades culturais e todas as accións que están desenvolvendo por todo o mundo, incorporándoas a esta páxina día a día e en tempo real. Deste xeito tenderase a crear unha “rede de galegitude” e unha plataforma de recursos e contidos.

Propónse por esta comisión que sexa a Secretaría Xeral da Emigración a que coordine e dea o apoio técnico para a creación desta páxina web.

- VI. As entidades galegas asumen que sería positivo que pola Administración galega fose creada unha axencia de carácter independente que coordine e promova a acción cultural exterior, en xeral e a que leven a cabo os propios centros.
- VII. Esta comisión considera moi importante o mantemento polo asociacionismo galego no exterior da lingua galega como unha sinal de identidade e como lingua de comunicación. Ao respecto propónse o fortalecemento de cara ao futuro da ensinanza, emprego e fala do idioma galego.

Para iso, deberán realizarse un maior número de cursos de galego xestionados polas entidades, co apoio da Administración galega.